

Praia de A Rapadoira

PUNTO DE INFORMACIÓN

A Oficina de Información Turística do Concello de Foz está na dirección. Avda. da Ribeira s/n edificio CENIMA situado fronte á Casa do Mar O teléfono e 982 132 426.

Ademáis, o Concello dispón de información adicional acerca da **Ruta de sendeirismo “Das Praias”** ou en senderosazules.org.

POLÍCIA LOCAL

A Praia de A rapadoira contará con **presenza policial** segundo protocolo definido polos mandos da Policía Local, **en horario de 13 a 20 horas dende o 1 de xullo ao 31 de agosto**.

Noutras tempadas (festas ou eventos especiais), manteranse os servizos mínimos.

PAPELEIRAS, CONTEDORES E RECOLLIDA SELECTIVA

Existe un **servizo diario de limpeza** na praia de A Rapadoira, mediante o cal se limpa a superficie das praias e as súas infraestruturas e accesos. Ademais, hai localizadas **papeleiras e contedores** para a recollida selectiva dispostos nos accesos principais, que se baleiran diariamente.

ANÁLISIS DA CALIDADE DA AUGA

Na praia de A rapadoira existe un servizo de **análises da auga** realizadas a través da Xunta de Galicia, **realizado cada 15 días**, mediante o cal se pretende levar a cabo un seguimento das augas de baño desta praia, conseguindo así unha garantía de calidade. Os resultados destas análises actualizados pódense consultar nos paneis informativos situados nos principais accesos das praias dende o 01 xullo ao 31 de agosto.

SISTEMA DE QUEIXAS E SUXERENCIAS

Existen **folhas de reclamacións e suxestións** á disposición dos usuarios da Praia de A Rapadoira nos puntos de información e nos módulos de salvamento das praias. Tamén na páxina web do Concello de Foz e no Punto de Información Turística hai un **buzón de suxestións** para calquera idea que se queira aportar.

Ademais, dentro do sistema de calidade pertencente a estas praias, existen rexistros para as incidencias e non conformidades detectadas diariamente nas praias.

COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLO CONCELLO DE FOZ

O concello de Foz adquiriu **compromisos tanto de calidade como de xestión ambiental** que se reflexan nas políticas de xestión de praias e ambientais aprobadas pola xunta de goberno local e que están expostas ao público.

ACCESIBILIDADE

A Praia da Rapadoira dispón das medidas de accesibilidade necesarias para o disfrute da praia por persoas con mobilidade reducida: ausencia de barreiras no medio urbano colindante, bordillos rebaxados, prazas de aparcamento (4), un aseo e unha adaptada, disposición de dúas

Praia de A Rapadoira

rampas de acceso á praia, unha delas de acceso directo á area e existencia dunha cadeira anfibia e varios xogos de muletas para facilitar a circulación pola area e o baño no mar. Ademais, a praia conta tamén con persoal de socorrismo debidamente formado para a asistencia destas persoas.

INDICADORES SIGNIFICATIVOS

1. **Número de avisos, primeiros auxilios, traslados a centros sanitarios e rescates feitos.** Valor acadado en el 2021: **115** (2 traslados ó Hospital da Costa).
2. **Número de queixas** sobre os servizos de mantemento e limpeza de instalacións e equipamentos. Valor acadado no 2021: **0** (indicador <5).
3. **Número de queixas sobre os servizos de vixiancia.** Valor acadado no 2021: **0**
4. **Número de queixas sobre a información dispoñible** (punto de información, paneis...). Valor acadado no 2021: **0**
5. **Satisfacción media dos usuarios da praia** (calificación obtida na realización da enquisa ós usuarios). **Valor acadado no 2021: 2,79** (sobre 4).
6. **Número de enquisas realizadas.** Valor acadado no 2021: **31**
7. **Tempo de reparación de equipamentos.** Valor acadado no 2021: **menor de 24 horas**
8. **Accións realizadas para a mellora das infraestruturas da praia.** Valor acadado no 2021: **1**.
9. **Nº documentos para a difusión do sistema de calidade implantado na praia colocados na páxina web.** Valor acadado no 2021: 4 (publicáronse na páxina web a política de calidade e medio ambiente, a Carta de Servizos da praia, Recomendacións e comunicacións das festas).
10. **Recollida selectiva de residuos na praia.** Valor acadado no 2021: **9 tipos de residuos** (cartón, vidro, plásticos, orgánico, pilas, cd's, bombillas, toners e aceite usado)
11. **Número de picaduras de ariegos.** O valor acadado no 2021: 37 picaduras.

OBXETIVOS ACADADOS NO 2022

- Colocación de contedores de recollida selectiva en accesos á praia.
- Colocación de cadeiras para o personal de vixiancia na Rapadoira.

OBXETIVOS PARA O ANO 2021

- Melloras na pasarela de madeira e colocación de Flexipasarela.